

ARTE DOS SS. XVI E XVII

A Arte sempre é produto da súa época. Nun tempo en que non había cámaras fotográficas, móbiles, internet...as representacións artísticas son o reflexo do seu entorno e podemos descubrir moito observándoas. Para comprender a evolución artísticas nas distintas épocas sempre temos que ter en conta os seguintes elementos para comprender ben as obras.

POLÍTICA

SOCIEDADE

ECONOMÍA

CULTURA

OUTRAS PARTICULARIDADES

RENACEMENTO (S.XV -XVI)

Mecenas e artistas

Se na Idade Media o patrocinio é exclusivamente eclesiástico, xa desde mediados do século XIV, aparecen outros clientes, con novas necesidades de representación. Se os comitentes medievais (presentes nos sepulcros ou en obras relixiosas cun tamaño menor) buscan no seu patrocinio a salvación eterna, os mecenas medievais buscan a representación do seu prestixio e poder: A alta xerarquía eclesiástica (verdadeiros príncipes), a nobreza e a monarquía e a nova burguesía dos negocios, pretenden a través da arte reflectir o poder terreo e o seu prestixio e posición social (sobre todo a burguesía). O mecenado supón non só o clientelismo, senón a protección e patrocinio permanente de todas as artes. Os artistas (pintores, escultores, poetas, músicos, filósofos,...) viven nas cortes dos príncipes italianos e dos monarcas europeos.

Novos temas

Esta nova situación provoca novos temas na pintura. Aínda que se mantén o tema relixioso, este se desacraliza, converténdose en vehículo para a promoción dos mecenas. Cobra grandísima importancia o mundo da Antigüidade Clásica, a súa mitoloxía, valores...aínda que non a queren copiar senón reinterpretar!

O retrato toma forza a partir do s. XV, empoderando o individualismo (na Idade Media era máis importante a comunidade, debido aos valores cristiáns). Valórase a natureza e os novos descubrimentos. Créase un ideal de beleza tanto a nivel arquitectónico, escultórico e pictórico que os artistas seguían aínda que con particularidades persoais.

Orixe e Cronoloxía

O Renacemento como nova linguaxe plástica comeza a desenvolverse nas Repúblicas italianas (sobre todo Florencia), pero tamén, aínda que desde uns orzamentos distintos desde Flandes, onde os pintores flamencos chegan a respostas parecidas aos italianos. A partir de mediados do Século XV os contactos comerciais entre ambas as zonas propician a influencia flamenca sobre a pintura.

Podemos así distinguir tres períodos en Italia:

Quattrocento (século XV), período de definición do novo estilo con Brunelleschi, Botticelli...

Quinquecento (1500-1527), clasicismo renacentista, culminación do estilo con Leonardo, Miguel Ángel, Rafael, Bramante...

Manierismo (1527-1600), período no que, tras o saqueo de Roma, o clasicismo entra en decadencia e os pintores manieristas forzan formalmente o Renacemento, en composicións de carácter decorativista, etapa de mediación e definición do que será o Barroco.

Novidades Técnicas

Ao mesmo tempo, grazas á observación directa da natureza, á experimentación e á recuperación do clasicismo grecolatino, introdúcense novidades formais:

- Tratamento do volume, a luz e a cor.
- Harmonía, proporción, orde. Xeometrización e ordenación do espazo.
- Idealización a partir da observación directa da natureza.
- Perspectiva lineal segundo modelos matemáticos.
- Fresco e óleo.
- Novidades temáticas: Paisaxe, retrato, mitoloxía, historia,...

Vamos a observar e analizar algunhas obras para comprender todo isto:



Panteón de Roma. S. II




León Batista Alberti. San Andrea de Mantua. S.XV)



Apolo Sauróctono. Praxíteles. S. IV a. C.




David. Donatello. S. XV.



David. Miguel Ángel. S. XVI.



Escena cortesana. S.XIV.



O nascimento de Venus. Sandro Botticelli. S.XV.



Autorretrato de Alberto Durero. S. XV



Dama da doniña (*armiño*). Leonardo da Vinci. S. XVI



Os embaixadores. Hans Holbein. S. XVI